

CASA DA GALERÍA

ACTIVIDADES 2025

Castro de Rei
Terra Chá (Lugo)

Edita
Fundación Margarita Ledo Andión
Casa da Galería

Deseño
NUMAX Laboratorio

Imprime
Servizo de Publicacións e Normalización Lingüística.
Deputación de Lugo. Vicepresidencia.

© Dos textos, as autoras

© Das fotos e deseño de convites e bandeirola
O soño de Markus/Castelao, tinta invisíbel: Bernardo Tejeda

© As fotos das inauguracións e proxeccións son de Laura Díaz, Markus Döhne, Sonia Engroba, Cipriano Jiménez, Luis Moscardó, María Pereira, Mercedes Rosón

O noso agradecemento a Edu Valiña e Alexandra Pacheco, pola súa colaboración nas presentacións e a Amigos da Feira, Concello de Castro de Rei, Museo do Castro de Viladonga, Dirección Xeral de Cultura da Xunta de Galicia polo seu apoio.

DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA

Publicacións

XUNTA DE GALICIA

FUNDACIÓN MARGARITA LEDO ANDIÓN
CASA DA GALERÍA CCC
Rúa Emilio Sinde 8-9
27250 Castro de Rei
Terra Chá

Propostas a se engarzar unhas nas outras

Esta segunda edición do programa de verán da Fundación Margarita Ledo Andión tirou do noso ollar cara a fotografía documental a carón de exposicións multimedia e doutras variantes da imaxe coma a banda deseñada ou o cinema canda concertos e intervencións musicais. Foron en total nove propostas que se engarzaron unhas nas outras para dar a ver que todo garda relación. Talvez o exemplo do devandito sexa o modo de conmemorar o 75 cabodano de Daniel Castelao ao pólo en conexión cun artista contemporáneo como Markus Döhne e do seu traballo á volta da esquerda europea e, singularmente, do significado da guerra do 1936.

Por encher cada solpor de festa, por facer posíbel o pracer do encontro, velaí esta recolla das accións desenvolvidas neste verán do 25: o abrazo á fotografía nas mostras de Anna Turbau e Markus Döhne; os obxectos atopados e resignificados na instalación "Deus te livre" de Sergio Marey; o diario de Ana Moreiras, na compaña de Vadim Yukhnevich e o coro Son de Outeiro; o concerto de Mónica de Nut; as proxeccións, falas e conferencias... con elas confirmamos, asemade, a presenza en cada acto de público local (singularmente feminino) e o aumento significativo de persoas de fóra do municipio. Neste sentido, estase a manifestar o interese no programa por parte dun perfil de persoas que chegan da xestión cultural, do ámbito creativo e de xente en viaxe que obtivo a información en redes sociais.

A salientar, tamén, o inicio da colaboración estábel con outros agrupamentos socio-culturais da vila como Amigos da Feira, que facilitou o dispositivo para vermos no Centro Cultural Xosé Manuel Carballo o documental de Xan Leira "O Consello de Galiza" (2024) e co Museo do Castro de Viladonga onde se proxectou «A mirada de Anna» (2009) de Llorenç Soler e Jorge Algora.

As suxestións e a resposta ás diferente actividades lévanos a pensar na apertura dunha liña de seminarios e obradoiros para o 2026 que teñan a ver coa paisaxe habitada e os recursos da Chaira. Neste senso podemos avanzar a organización dun obradoiro que ten como obxectivo xeral o desenvolvemento de novas olladas fotográficas apegadas ao territorio. A idea é producir un retrato documental colectivo de Castro de Rei e da Terra Chá que concluirá na realización dunha exposición e unha publicación.

O noso agradecemento á Vicepresidencia de Cultura da Deputación de Lugo e ao Consello da Cultura Galega polo seu apoio; ao CGAI, Xan Leira e Nós, p.c.g., polos materiais fílmicos sobre Castelao, á complicidade e amizade da Fundación Vac-An e da Fundación Manuel María e, sempre, a Bernardo Tejeda e Luis Moscardó por facer que todo saia ben, canda Agar Ledo e Cipriano Jiménez, nesta ocasión, asemade, pola cesión de materiais para a mostra sobre Castelao.


Saúde e que cante o merlo!


22 08
14 09
>> MARKUS DÖHNE
(o soño de Markus)
29 08
21 09
>> CASTELAO
(tinta invisíbel)


Anna Turbau
Galicia 1975–1979
A intimidade
da imaxe











>> MARKUS DÖHNE
ño de Markus]
CASTELAO
nta invisíbel]


Anna Tuñas
979








O rostro
que te mira



§

ANNA TURBAU. GALICIA 1975-1979. "A INTIMIDADE DA IMAXE"

Venres, 18 de xullo, ás 19:00 na Casa da Galería

A CASA DA GALERÍA, CCC, CENTRO de cinema, cultura e comunicación da Fundación Margarita Ledo Andión, deu comezo ao seu programa de verán coa exposición fotográfica de Anna Turbau, *A intimidade da imaxe*, após o seu pasamento o 19 de marzo, e coa instalación *Deus te livre,* de Sergio Marey. A literatura, a música, os debates e as proxeccións foron facéndonos formar parte da producción diversa que nos representa. A presidenta do Consello da Cultura Galega, institución que ten en deposito a obra galega da fotógrafa catalá, interveu no acto que asemade contou coa asistencia da directora do Museo de Belas Artes d'A Coruña, da directora do Museo de Viladonga, entidade coa que se inicia unha colaboración estábel, e do alcalde de Castro de Rei.

No mesmo acto inaugurouse a instalación de Sergio Marey *Deus te livre* nun novo espazo denominado O café, coa intervención do autor e performer canda Edu Valiña, o director artístico da Fundación Granell de Compostela que, asemade, foi o mentor da residencia artística na Cidade da Cultura, orixe deste proxecto.

Anna Turbau, a fotógrafa cuxa obra se organiza so o título *A intimidade da imaxe,* falecía o pasado 19 de marzo en Barcelona cando matinaba en proxectos novos para Guísamo, o Vao, outra volta Conxo e tamén para a Casa da Galería. Como parte dunha xinea que se foi configurando a través do contacto co mundo, cun mundo, Galiza, que ela propia describe como experiencia en común, como existencia primordial e liminar: «Teño no recordo anécdotas moi emocionantes, mais á vez situacións moi duras que se entrelazaban cos meus sentimentos e a miña rabia do que se vivira co franquismo».

E dende esta experiencia física decidimos achegarnos a un arquivo de milleiros de negativos, que depositou no Consello da Cultura Galega, para escolmar imaxes que nos falen do traballo de Anna Turbau, entre o 1975 e o 1979, acoplándose á xeografía variábel, ao corpo ferido, ao vestixio, ao ritual do grito e do silencio, á festa na revolta, ao pronunciamento e á consciencia da perda nese tempo en que

andou por Galiza so a fórmula de «enviada especial» e produciu outra imaxe das clases sociais sen imaxe, cun vocabulario no que, mesmo nos traballos para a prensa, incorporou os afectos.

Polinizada pola foto-ensaio, a súa decisión sobre cada temática e os modos de contala; a súa toma de posición; a independencia como actitude persoal, todo a conduce cara a unha obra que nos explica. Talvez por iso podemos aplicarlle, no contexto da Galiza da fin dos setenta, a lúcida opinión de Umberto Eco: as vicisitudes do noso século están resumidas nunha man de fotografías que fixeron época. Esas fotos, pensadas para seren publicadas a partires dos criterios de novidade, interese psicosocial, proximidade na chamada «transición política» son as de Anna.

A mostra articúlase en diferentes seccións que van sinalando, sempre, o camiño da casa que nos acolle, o camiño da cámara de Anna: O rostro que te mira; A atmósfera e o signo; Luz no alén; O vestixio e a fuxida; A ollada que manca; A imaxe que libera; A festa como síntoma; Paisaxe interior.



Anna Turbau. Formada en deseño gráfico, a partir dun traballo na Ciutat Vella de Barcelona escolle a fotografía para visibilizar o velado e vai ser, precisamente, na Sala Aixelá, que adoita identificarse coa exposición e a xeración Terré, Miserach, Masats, onde en 1975 fai a súa primeira exposición con fotos que farán parte, asemade, de *Jazz para cinco instrumentos,* un libro con textos de Alfredo Papo. Deseguido Anna vén a Galiza e no 1979, de retorno a Barcelona, traballará de realizadora en TV3 para alén de se dedicar á formación e partillar a súa vida coa vila de Calatañazor, na que desenvolverá varios proxectos persoais. O último, en 2017, foi rexistrar a exhumación dos fusilados na guerra. En 1993 Anna Turbau fai unha estadía en Compostela para a produción da USC *Santiago, Pequena historia natural,* coa curaduría de Margarita Ledo, que será adquirida polo CGAI. Dez exposicións individuais, ducias de referencias bibliográficas e de participación en mostras colectivas, as súas obras fan parte de coleccións coma a do Centro Reina Sofía ou o Museo Nacional de Arte de Catalunya.



O rastro inconfundíbel de Anna na Galiza

MARGARITA LEDO ANDIÓN

A INTIMIDADE DA IMAXE, A PROCURA DESE ÁMBITO IRREPETÍBEL (TAL A instantánea e lonxe dela) que a foto constrúe entre a autora e as persoas, os lugares, as accións que fotografa: o corpo das mulleres, o aceno, a ollada, a revolta, o rastro que fica, o indicio, a atmósfera como figura expresiva son variacións a través das cales a imaxe do real acolle forma. Porque Anna Turbau racha co canon da foto para a prensa (ao abeiro da xeración precedente e, singularmente, en relación con outras autoras coetáneas); porque desobedece a regra; porque do seu disparo emerxe a imaxe que libera. A produción dun instante eterno, esa relación co que Anna fotografa, captar ao mesmo tempo un fragmento do mundo máis ese estado da relación con mundo, acolle e orienta a andaina que propomos para mirar as fotos de Anna da man de «Matrimonio» (Cenlle, 1978), foto que repetidamente reproducimos dende hai máis de 35 anos: na portada de *Linguas mortas* (1989) ou en *Documentalismo fotográfico* (1998) e, obviamente, no 2017, na cabeceira da mostra *A intimidade da imaxe* que agora se presenta n'A Casa da Galería. O que nos levou cara a esta escolma de fotografías é o milagre de condensar certas constantes que son unha sorte de luz na porta, de santo e sinal para ollar o



traballo da fotógrafa, para adestrármonos nos seus elementos construtivos, para diferenciar entre o mundo e a forma que Turbau activa para a posta en imaxe do mundo, tal o tempo interno da foto, un tempo que tamén reclama a lentitude da nosa ollada, que non é o tempo da instantánea, aquela conquista da imaxe «en tempo real», senón o tempo da relación con ese real que agasalla a súa imaxe —dicíamo Sebastião Salgado ao falar de *Outras Américas* co gallo da exposición en Santiago de Compostela en 1992— para un obxecto cultural que seguramente nunca mirará. Mentres, emerxe a atmosfera como figura artística que só se materializa na relación coa persoa que mira, coa espectadora de cada fotografía. E velaí esa posibilidade de lles dar vida. Tempo interno da foto que devala ate nós na ollada a cámara, é dicir, para Anna e a través da súa mediación, cara a quen mira: adoito lle chamo a esta figura «a sororidade do real coa fotografía», a decisión de partillar, de se sentir parte, de expresar ese desexo de pertenza ao contarse para as e os outros, de decidir se representar para un nós cuxa existencia é política e crea comunidade, que se personifica no acto de fotografar e que poderíamos alongar a toda a escolma da sección «A ollada que manca».[Foto Conxo, Violación]E no contracampo na «A ollada que libera»[Foto Romería]. Tamén en «Matrimonio» a pose, o xesto social no cruzamento das mans fíxonos incorporarlle como lenda unha



cita en *La voix de choses*: «Alma que se mantén en pé sen caer»[1], que pola súa banda Marguerite Yourcenar tira de Agripa de Nettesheim. En pé ou no leito, ese corpo-mundo, tan querido por Merlau-Ponty, distínguese como corpo reflexivo, como corpo que é mirado pola cámara e que, tamén el, se mira; un corpo que é tocado e que se toca; o eu inseparábel da outra pois que a foto existe porque existe ese corpo-mundo co que mirar, existe por esa outredade tan cara a Emmanuel Levinas, nunha sorte de exercicio sen fin que para min culmina no encontro e na adherencia con autoras que nos animan a seguir esculcando ese real e a súa pantasma protectora, ese couso co que sentes, amas,ves, loitas, resistes, fas mutis polo foro, canda as xaponesas suturas os anacos rotos con ouro e a peza faise resiliente, devén máis forte. Recomezas. Alma que se mantén en pé.

1 «Âme qui se tient debout sans tomber.»

§

SERGIO MAREY: "DEUS TE LIVRE". INSTALACIÓN MULTIMEDIA

Deus te livre de estar onde estás,
de ser o que és
e de ter o que terás.

Deus te livre de tudo
menos de nao ter deveres,
e dos seus venenos.

Deus te livre
de que te tomem por mulher,
e também por homem.

FERNANDO PESSOA

Venres, 18 de xullo, ás 19:00 na Casa da Galería

DEUS TE LIVRE É UNHA INSTALACIÓN PERFORMATIVA QUE COMBINA diferentes medios e soportes: o téxtil, o vídeo, o audio e a performance, para reflectir sobre as analoxías culturais transfronteirizas galega e portuguesa, á vez que se establece un paralelismo entre a figura de Fernando Pessoa e o autor da proposta, Sergio Marey (Pol, 1997), que serve como base de investigación das representacións LGTBI+.

Así, a obra constrúese arredor dunha peza principal, a manta, tecida con lá sen fiar e fíos de xute usados para atar chourizos. Esta manta tecida pole artista parte da importancia do téxtil na industria de ambos países e nela entretecesen diferentes obxectos recollidos en diferentes viaxes por Galiza e Portugal. Obxectos que van dende bonecos a culleres, candeas, cerámica ou fotografías entre outras e que dalgún xeito se enlaza coa obra de Pessoa e Marey.



Sergio Marey provén dunha familia labrega e hosteleira, dun concello da montaña lucense, Pol, que lle deu un continuo e invaluábel contacto co rural galego. Esa proximidade guía a súa actual relación coa arte baixo unha visión política e social con Galiza. É tan estreita esta relación que Marey non concibe a súa actividade como algo alleo, senón como un axente que se interrelaciona co resto e que provoca en si cultura.

A súa práctica artística abrangue un amplo abano de disciplinas que van dende a instalación, a performance, o son, a escultura ou a escrita dando lugar a diversas obras que formaron parte de mostras no Museo do Pobo Galego, a Fundació Joan Miró, o Museo Reina Sofía de Madrid, o CGAC - Centro Galego de Arte Contemporánea, o Festival MMMad Art Madrid, A Fundación Eugenio Granell, o Auditorio de Galiza, a Universidade de Santiago de Compostela, o Festival de Poesía Lupercais ou a Galería Cutto (Madrid). A remarcar o 1.º Premio a Novos Artistas do Auditorio de Galiza e a selección para diferentes residencias artísticas: Residencia Paraíso en Vimianzo, as REGA na Cidade da Cultura, as Residencias Literarias Mariñán en Bergondo ou o Encontro de Novos Artistas de Santiago de Compostela.

§

PRESENTACIÓN DE "A PAUSA, DIARIO DO CONFINAMENTO 2020-2025"

Venres, 8 de agosto, ás 19:00 na Casa da Galería

A PRESENTACIÓN D'*A PAUSA* TIVO lugar o 8 de agosto, en Castro de Rei, n'A Casa da Galería e para que non nos volvera coller a friaxe do incerto, coma na pandemia, o acordeón de Vadim Yukhnevich e a coral Son de Outeiro interpretando «O carro» (letra de Manuel María e música de Mero) fixeron que os corpos acaneasen ao seu ritmo. Ana Moreiras, licenciada en Física de partículas, falou daquel tempo, o da Covid, como «limbo existencial» e para atravesalo decidiu escribir, día a día, as sensacións desa experiencia que



presenta nun comic sob o título *A Pausa. Diario do confinamento 2020-2025*. Na presentación estivo acompañada pola xornalista e profesora Alexandra Pacheco.

O 14 de marzo do 2020 o goberno español decretou o estado de alarma sanitaria e impuxo un confinamento xeral que impedise a expansión da pandemia de covid-19 que todo o mundo estaba sufrindo desde poucas semanas antes. Nese tempo todos e todas vivimos nunha especie de limbo existencial onde convivimos co medo e a esperanza, onde experimentamos soidade e tenrura, onde puxemos en pausa as angueiras cotiás para observarnos e observar o noso mundo doutro xeito. Aínda que aparentemente o confinamento e a pandemia pasaron, as súas secuelas quedaron en nós, incluso en niveis tan profundos que custa desentrañalos.

Na pausa recolle as entradas do diario do confinamento que Ana Moreiras foi compoñendo en tempo real e que agora se converte nun testemuño excepcional dese tempo que, malia a súa proximidade, se nos aparece en moitas ocasións como remoto.




Ana Moreiras ten publicados outros dous libros de banda deseñada: *Madialeva* (2019) e *Xaora* (2023) e, dende 2009, coordina o Festival de Cine Escolar Olloboi, onde converxe paixón polo cinema e vocación pedagóxica, aspectos que tamén esvaen cara a *A Pausa*. Este festival foi recoñecido pola Asociación Galega de Xestión Cultural como modelo de boas prácticas e foi premio José Sellier da Academia Galega do Audiovisual polo seu «compromiso e traballo en prol da canteira do cine galego». Ana Moreiras é directora do documental *Cadernas de Olloboi* (2022).

§

MARKUS DÖHNE: EXPOSICIÓN "O SOÑO DE MARKUS".

Venres, 22 de agosto, ás 19:00 n'A Casa da Galería

TODO O QUE SE PODE FACER COA gráfica a partir dunha fotografía, dun fragmento calisquer do real e todo o que se pode facer coa electroacústica a partir da voz e o canto, uníronse na tarde do 22 de agosto en Castro de Rei, na Casa da Galería, á volta da exposición *O soño de Markus*, coa presenza do artista alemán Markus Döhne, e do concerto performático de Mónica de Nut *Por que non hei de cantare*, dúas propostas que forman parte dunha liña de actividades da Fundación Margarita Ledo Andión que procura ese rastro, por veces non visíbel, do pasado nas xeracións actuáis e que agroma na caracola ou na foto do miliciano morto de Robert Capa.













Markus Döhne (Limburg, 1961) conta cunha intensa formación que atravesa literatura e artes gráficas. O compromiso político e intelectual coa «memoria da historia» reaparece unha vez e outra nas súa obra, recoñecida en diferentes etapas, tal o premio da Asociación Alemá da Crítica en 2007. Viaxeiro lento e observante, cos seus vértices protectores en cidades coma Turín, México D.F., Praga ou València, andou por feiras de arte coma ARCO'06 (Madrid) e unha das súas pezas está no Museo Provincial de Lugo. En 2023 participa, en Brühl-Vochem, na fundación do TRAFIKprojekte.




O soño de Markus

MARGARITA LEDO ANDIÓN

CANDO O SOÑO DEVALA CARA AO PESADELO MARKUS AXÍTASE E FALA, nunha escena de *Liste, pronunciado Lister* (Margarita Ledo, 2007) daquel momento no que a esquerda derrapou na historia «e comezaron a se matar os uns aos outros».

O seu material basilar é a fotografía como posibilidade de transformación —coa mediación da cor, a escala, a textura, o soporte, as técnicas de impresión—, para significar o todo en cada fragmento. Sobre parafina ou aluminio, co motivo que emerxe da memoria da II República e desa *foto-constat* de Capa, o miliciano que abre os brazos no intre de se converter en símbolo; co bico de Dieguito Rivera a Frida, o corpo ferido da muller na historia que espalla aos catro ventos a utopía comunista; coa serialidade infinda dos arquivos e das cámaras-vixía a seguir os pasos da humanidade en diáspora perpetua, Markus Döhne aposta pola imaxe-artefacto que, anque pareza mentira, desacouga e libera.



Algúns apuntamentos sobre *Capa /Mayakovski*

MARKUS DÖHNE

O MILICIANO DE CAPA FOI, NOS ANOS 80, O IMPULSO QUE ME LEVOU a traballar a fotografía como memoria colectiva. Utilicei materiais da historia da esquerda europea entre 1905 e 1937, da primeira revolución en Rusia ate a Guerra Civil Española e os xuízos de Moscova. A segunda fotografía danos a ver Mayakovski, após o seu suicidio en Moscova, 1930. Atopeina nunha edición dos poemas de Marina Tsvetáyeva e con ela a seguinte cita:

> Durante doce anos, Mayakovski, o home, matou no seu interior Mayakovski, o poeta; no décimo terceiro, o poeta ergueu e matou ao home. Se na súa vida o suicidio existiu, non é onde se ve e non durou o tempo de premer o gatillo, senón neses doce anos. Ningún censor estatal tratou a Pushkin como se tratou a si propio Mayakovski [...] Viviu coma un home e morreu coma un poeta.
>
> MARINA TSVETÁYEVA, 1932

Para min, a Guerra Civil Española é o momento no que a esquerda se despide da historia, desfacéndose a si propia e, polo mesmo, non vencendo o fascismo. Aínda hoxe sufrimos as consecuencias desa desaparición.

22 08
14 09

RKUS DÖHNE
soño de Markus]

29 08
21 09

>> CASTELAO
[tinta invisíbel]

Cultura

§

MÓNICA DE NUT CONCERTO "POR QUE NON HEI CANTARE"

Venres, 22 de agosto, ás 20:00 n'A Casa da Galería

POR QUE NON HEI DE CANTARE, CONCERTO performático electroacústico adaptado ás condicións espaciais, lumínicas e acústicas naturais do entorno. A evocación por medio do canto é o centro da peza musical, dende a emisión da voz en movemento e interaccionando ca resonancia do lugar e do público, xogando con diferentes localizacións no espacio que se ocupa. Composicións propias con cantos tradionais, canto lírico, canto experimental con recursos naturais da voz, canto filtrado con efectos electrónicos, bases electrónicas, canto amplificado e a capela.





Mónica de Nut. Licenciada na Escuela Superior de Canto de Madrid e Diplomada en Maxisterio Musical pola Universidade de Vigo, formouse tamén en jazz e canto e pandeireta tradicional galega. O seu xeito de cantar e crear caracterízase polo eclecticismo, a experimentación e a interacción con outras artes escénicas: danza, teatro, audiovisual, performance... Discos propios: *Mónica de nut trío, Dos fíos invisibles chegan as cores,* e *Raíces Aéreas*. Colabora con Mercedes Peón, Oreka Tx e Isga Collective entre outros. Compuxo e interpretou música para audiovisual, teatro e danza. Foi premiada nos Premios Martín Códax da Música 2014, no Festival Internacional de Arte de Sapporo, Xapón 2014, pola interpretación da obra do compositor Karolis Biveinis *Voicing (III parte)*, pola que recibiron un Silver Award da man de Ryuichi Sakamotoven, e ven de gañar o segundo premio María Casares 2024 de teatro pola música de *Deadpan Karaoke* de Ibuprofeno teatro.

§

CASTELAO, TINTA INVISÍBEL

Venres, 29 de agosto, ás 19:00 n'A Casa da Galería

DA MAN DO CEGO ZAGO E DE ISAAC Díaz Pardo percorremos a vida de Daniel na mostra que expón materiais orixinais dos anos republicanos, proxectamos imaxes contemporáneas canda rexistros do exilio bonaerense e establecemos un ligame, a través da proposta plástica do artista alemán Markus Döhne, noutra exposición en paralelo, de aquela xeración coa presente.






Así, a biografía cantanda polo Cego Zago lévanos a fixarnos no que este bardo popular e Isaac Díaz Pardo subliñan e que nos levamos para as vitrinas. O noso tributo neste 75 cabodano é amosar a súa pegada a través de diferentes obxectos culturais, entre os que sobrancean a segunda edición do ensaio político *Sempre en Galiza* (1961), cos debuxos de denuncia en *Galicia Martir* (1937), os selos editados pola II República ou a creación dun novo xénero literario en *Cousas*.

Da súa constante presenza e vixencia entre nós falan as mil e unha aplicacións en pezas cerámicas ou reedicións que van da literatura a viñetas para a prensa canda traballos de pesquisa tal *As Cruces de Pedra na Galiza* e, mesmo, o seu paso sosegado cara á filmes, que xa iniciara en *Mis Ledya,* 1916, nunha aparición en bicicleta no papel de pastor protestante, e que reparece nos rexistros de actividades nas que participa na diáspora bonaerense ou en documentais contemporáneos como *Castelao e os irmáns da liberdade* (Xan Leira, 2000) ou no filme *A cicatriz branca* (Margarita Ledo Andión, 2012).

Historia, memoria, república, exilio son, tamén, temas dos máis de 50 títulos de filmes documentais de Xan Leira (Buenos Aires, 1955), con especial dedicación ao galeguismo na Argentina. O 29 de agosto, o director presentou no Centro Cultural Xosé Manuel Carballo, en Castro de Rei, o documental *O Consello de Galiza,* tal e como se nomeou o goberno galego no exilio constituído en Montevideo no 1944, que tivo entre os seus membros os deputados



Castelao, Suárez Picallo, Alonso Ríos e Elpídio Villaverde e lle deu forma xurídica e política ao Estatuto de Autonomía aprobado en Referendo no 1936. O documental achéganos a visión de diferentes testemuñas galeguistas e republicanas daqueles anos canda estudosos e políticos deste tempo que derón pé ao coloquio posterior.

A Fundación Margarita ledo Andión, ao organizar este evento co gallo do 75 cabodano de Daniel Castelao, pon a mirada no deputado polo Partido Galeguista que viaxa á URSS, a Cuba ou ao Nova York dos *Debuxos de Negros,* na procura de apoios para o goberno lexítimo da II República, que preside no exilio o Consello de Galiza e falece no hospital do Centro Galego de Buenos Aires en 1950. Nun texto de presentación falamos do Castelao que escrebe para diferentes publicacións, fai unha viñeta para a prensa diaria, denuncia o caciquismo no *Album Nós,* deseña un cartaz ou crea o reclamo das augas dun balneario, remarcando certas constantes comunicativas «que lle dan ás súas accións, tanto na gráfica coma na frase, esa inimitábel sinatura que se prendeu ao noso devalo ao longo do século. Longa e eterna vida».

PROXECTA





"A mirada de Anna" (2009) Llorenç Soler/ Jorge Algora



"O Consello de Galiza" (2025), Xan Leira







FUNDACIÓN
MARGARITA LEDO ANDIÓN
CASA DA GALERÍA CCC

Rúa Emilio Sinde 8-9
27250 Castro de Rei
Terra Chá